

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 4 de xuño de 2015 pola que establecen as bases reguladoras do Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa) con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, parágrafos 22, 23 e 24, establece que lle corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de promoción do deporte e a adecuada utilización do lecer, asistencia social, así como a promoción do desenvolvemento comunitario, que se aplica, entre outros, ao ámbito da xuventude.

Mediante o Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da mocidade e o desenvolvemento comunitario.

O artigo 15 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, dispón que a Xunta de Galicia potenciará a mobilidade entre a xuventude galega, desenvolvendo programas para a realización de estudos, cursos e actividades noutras comunidades autónomas, na Unión Europea e noutros países, co obxectivo de potenciar o coñecemento da diversidade e riqueza cultural, o que contribuirá á súa formación e posterior inserción laboral.

De conformidade co Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, entre outras funcións, a dirección e xestión das actuacións en materia de xuventude, así como das políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, e o fomento da participación da mocidade na vida social.

No marco do catálogo de actuacións recollidas no Sistema nacional de garantía xuvenil, regulado no título IV, capítulo I, da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, os programas de mobilidade para a mellora das competencias profesionais dos/as mozos/as constitúe unha das medidas incluídas na liña de actuación principal de mellora da empregabilidade. Deste xeito promoverase a mobilidade a través de actuacións e programas de mobilidade, tanto nacional como transnacional, que supoñan a adquisición de experiencia profesional que



redunden, así, nunha mellora da empregabilidade. A mobilidade por tanto, ten un efecto positivo, tanto na formación como na adquisición de experiencia oportuna para a incorporación ao mercado de traballo. Ademais a mobilidade transnacional apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros que aumenten a empregabilidade dos mozos e mozas.

De conformidade co Programa operativo de emprego xuvenil, a mobilidade, tanto nacional como europea, pode constituír un elemento fundamental na formación dos mozos e mozas, tanto pola experiencia adquirida como polo apoio que pode supoñer na aprendizaxe dun idioma estranxeiro. Desta maneira, a experiencia laboral no estranxeiro pode achegar un valor engadido á formación permanente dos/as mozos/as a á súa traxectoria profesional e proporcionarlle máis oportunidades de emprego. A mellora na formación e a empregabilidade da xuventude permitirá reducir os desaxustes existentes no mercado de traballo e cubrir as necesidades de man de obra.

Como unha das medidas para a implantación do Sistema nacional de garantía xuvenil, concíbense as axudas para proxectos de mobilidade transnacional (Galeuropa) dirixido a mozos e mozas maiores de 16 anos e menores de 25 anos, ou menores de 30 anos se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, para a realización de prácticas formativas non retribuídas en empresas/entidades de países europeos, de modo que complementan a súa competencia profesional e persoal, incrementando así as súas posibilidades de inserción laboral.

Así mesmo, estas axudas enmárcanse na convocatoria coordinada de mobilidade transnacional xuvenil a nivel europeo liderada polo Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de Alemaña elaborada no seo da TNL mobility <http://www.tln-mobility.eu/EN/Home/home.html>.

Deste xeito, no marco de implementación do Sistema nacional de garantía xuvenil, a Consellería de Traballo e Benestar considera prioritario apoiar medidas que incrementen as oportunidades de emprego para os mozos e mozas, medidas que deben contribuír a facilitar o seu acceso ao mercado de traballo, reducir os obstáculos lingüísticos e fomentar a súa autonomía persoal mediante a mellora da súa empregabilidade.

As persoas participantes nas mobilidades serán mozos e mozas que teñan máis de 16 anos e menos de 25, e as persoas menores de 30 anos con grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % que non estean traballando nin estean participando en actuacións educativas ou formativas. Estas persoas deberán estar inscritas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e acreditar previamente o cumprimento dos requisitos de acceso.



Esta orde enmárcase dentro do Programa operativo de emprego xuvenil, cofinanciado cunha porcentaxe do 91,89 % pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo para o período 2014-2020, en particular:

- Eixe 5. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas mozas que non se atopan empregadas nin participan en actividades de educación e formación, en particular, no contexto da garantía xuvenil.

- Prioridade de investimento 8.2. Integración sustentable no mercado de traballo das persoas mozas que non se atopan empregadas nin participan en actividades de educación nin formación, así como os mozos que corren o risco de sufrir exclusión social e os procedentes de comunidades marxinadas, en particular, no contexto da garantía xuvenil.

- Obxectivo específico 8.2.2. Reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas mozas non ocupadas nin integradas nos sistemas de educación ou formación.

- Medida 8.2.2.8. Programa de axudas para proxectos de mobilidade transnacional dirixido a mozos e mozas menores de 25 anos para a realización de prácticas formativas en empresas de países europeos, de modo que complementan a súa competencia profesional e persoal, incrementando así as súas posibilidades de inserción laboral.

O financiamento das axudas previstas nesta orde realizarase con cargo aos créditos das aplicacións 11.06.313A.480.0, 11.06.313A.481.0 e 11.06.313A.460.0 da Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015 (DOG núm. 249, do 30.12.2014), cunha contía total de 999.765,72 euros (código de proxecto 2015 00 551).

Estas axudas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, diferenciándose tres procedementos de concesión distintos:

- Axudas individuais de mobilidade transnacional para mozos e mozas con idades entre os 18 anos e menores de 25 anos, ou menores de 30 anos se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, que estean inscritos/as no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Axudas para proxectos de mobilidade transnacional de entidades sen ánimo de lucro con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido



da xuventude, destinados a mozos e mozas con idades entre os 16 anos e menores de 25, ou menores de 30 anos se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, e que estean inscritos/as no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

– Axudas para proxectos de mobilidade transnacional de concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios, destinados a mozos e mozas con idades entre os 16 anos e menores de 25, ou menores de 30 anos se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, e que estean inscritos/as no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A presente orde é coherente coa normativa comunitaria no eido da concesión e xustificación de axudas por medio dos custos simplificados que ten por obxectivo a simplificación da xestión administrativa e das obrigas de xustificación impostas a beneficiarios e beneficiarias.

Esta orde acolle na súa regulación a dita posibilidade distinguindo entre:

- Custos reais para dar apoio á execución do proxecto e a gastos excepcionais.
- Custos unitarios, suxeitos ao réxime de custos simplificados.

Esta convocatoria axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión de axudas e subvencións, ao establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, e ás disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada



pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, a Lei 2/2007, do 28 de marzo, e a Lei 12/2007, do 27 de xullo

DISPOÑO:

TÍTULO I
Bases xerais reguladoras das axudas

CAPÍTULO I
Finalidade, ámbito e réxime das axudas

Artigo 1. *Obxecto, finalidade e vixencia*

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras que rexerán os procedementos de concesión de axudas para proxectos de mobilidade transnacional dirixido a mozos e mozas menores de 25 anos, ou menores de 30 se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %. para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas de países europeos, e proceder á súa convocatoria para o ano 2015, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil.

Preténdese promover e axudar a financiar áa mobilidade da mocidade galega para que realice estadias de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas de países europeos enumerados nas táboas de cada convocatoria de axudas ben directamente concedendo axudas individuais aos mozos e mozas participantes ou ben mediante concesión de axudas a proxectos de mobilidade ás entidades galegas que se especifican no artigo 3 destas bases reguladoras e na base 3ª do anexo-A.

2. A finalidade do programa de mobilidade transnacional xuvenil é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos/as mozos/as non ocupados/as e non integrados/as nos sistemas de educación ou formación, contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

3. As bases específicas reguladoras de cada un dos procedementos incorporaranse como anexo-A desta orde, que forma parte integrante dela.

4. Estas bases teñen vixencia indefinida.

CVE-DOG: x3d9ff80-cg81-oww7-9pd9-g4jpbqb5m8z8



Artigo 2. *Procedementos que regulan estas axudas*

As axudas á mobilidade establecidas nesta orde regularanse a través de 3 procedementos distintos:

BS324A: axudas individuais de mobilidade transnacional, concedidas directamente pola Consellería de Traballo e Benestar á mocidade galega.

BS324B: axudas a proxectos de mobilidade transnacional presentados por entidades sen ánimo de lucro, con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido da xuventude.

BS324C: axudas para proxectos de mobilidade transnacional presentados por concellos, mancomunidades, agrupacións ou fusións de concellos segundo se indica no artigo 3 e máis concretamente no anexo-A, base 3ª.

Artigo 3. *Persoas/entidades beneficiarias da subvención*

1. As persoas e entidades beneficiarias desta axuda varían en función do procedemento de que se trate. Os requisitos para participar en cada un deles, regúlanse no anexo-A desta orde:

BS324A. Mozos e mozas individualmente.

BS324B. Entidades sen ánimo de lucro que, con sede permanente ou domicilio social en Galicia desenvolvan actividades no eido da xuventude.

BS324C. Concellos, agrupacións de concellos ou mancomunidades da Comunidade Autónoma de Galicia validamente constituídas, así como as entidades resultantes da fusión de municipios a que se refire a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2. Serán excluídas as persoas e entidades solicitantes que se atopen nalgunha das situacións de prohibición recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas persoas/entidades que non se atopen ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, ou teñan pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



Artigo 4. *Destinatarios/as das prácticas formativas non laborais*

As persoas destinatarias das mobilidades, ademais dos requisitos que poidan exixir as distintas convocatorias e os procedementos específicos destas bases reguladoras, deberán cumprir os requisitos exixidos no Sistema nacional de garantía xuvenil.

1. Estar inscritos/as no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Ter menos de 25 anos, ou menos de 30 se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %. O requisito de idade debe cumprirse no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil.

3. Ademais dos requisitos anteriores, en coherencia coa citada Lei 18/2014, deberán cumprir os seguintes:

a) Non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

b) Non ter recibido accións educativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos noventa días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

c) Non ter recibido accións formativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

No suposto de que a persoa interesada en inscribirse no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil tivese finalizada a súa participación no sistema educativo, considerarase que o requisito da letra b) queda suxeito a non ter recibido accións educativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores.

Estes requisitos, agás o de idade, deberán manterse no momento da selección das persoas que participarán nas mobilidades.

Artigo 5. *Financiamento*

1. Estas axudas serán cofinanciadas pola Iniciativa de emprego xuvenil e polo Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 91,89 %.

2. O orzamento máximo destas axudas fixarase en cada convocatoria detallando o importe asignado a cada procedemento, sempre que exista crédito suficiente nas aplicacións orzamentarias da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, aprobadas pola Lei de orzamentos de cada exercicio.



Os importes de cada convocatoria poderán ser incrementados ou minorados como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos destinados ao financiamento dos programas do Sistema nacional de garantía xuvenil, nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 6. *Criterios para o cálculo das axudas*

Para o cálculo das axudas que regula esta orde, teranse en conta os criterios definidos nos distintos puntos deste artigo. En cada procedemento aplicaranse os criterios enumerados no anexo-A destas bases reguladoras e os importes correspondentes a cada un deles estableceranse en cada orde de convocatoria.

1. Apoio á organización e execución da mobilidade. Contribución aos custos soportados polas entidades en relación coas actividades que apoian a mobilidade, entre os que se inclúen:

a) Apoio a aspectos organizativos. Custos directamente relacionados coa organización das actividades de mobilidade: o proceso selectivo, a información e difusión da convocatoria, a preparación dos acordos de aprendizaxe, a xestión cos socios de acollida –excepto os custos de viaxe–, a preparación pedagóxica e sociocultural das persoas participantes. Son custos unitarios, baseados no número de participantes na mobilidade.

b) Apoio a necesidades especiais. Custos adicionais directamente relacionados coas persoas participantes con discapacidade, incluída a figura do monitor/monitora que os acompañe en caso de necesidade. Son custos unitarios, baseados no número de participantes con necesidades especiais.

c) Apoio á execución do proxecto. Custos relacionados cos traslados do persoal das entidades aos países que consideren nos seus proxectos para a súa execución, no relativo á busca de socios, sinatura de acordos de acollida, supervisión e seguimento dos participantes e preparación de disposicións eficientes de titoría. Serán custos elixibles os gastos da viaxe ao país de destino, o transporte local no dito país, os gastos de aloxamento e manutención, e os seguros de accidentes e responsabilidade civil ou sanitarios, de ser o caso. Trátase de custos reais, subvencionables ao 100 % dentro do máximo establecido en cada convocatoria.

2. Viaxe. Contribución aos gastos de viaxe de ida e volta das persoas participantes, determinado en custos unitarios, segundo a distancia do país de destino da mobilidade.



Os transportes locais no país de destino (viaxe diario ao lugar de realización das prácticas) non son considerados como gastos de viaxe e quedan incluídos na partida de aloxamento e manutención.

3. Aloxamento e manutención das persoas participantes. Inclúe, ademais do transporte local, o seguro de accidentes e responsabilidade civil, así como o seguro médico no caso de que a persoa participante non teña dereito á tarxeta sanitaria europea. Determínase en custos unitarios, segundo o país de destino.

4. Apoio lingüístico. Custos relacionados co apoio ás persoas participantes (antes da súa partida ou durante á súa estadía) co fin de mellorar o seu coñecemento da lingua que utilizarán para a realización da estadía formativa. Trátase de custos unitarios por cada persoa participante.

O apoio lingüístico refírese a unha educación formal en lingua estranxeira que require dun mínimo de 10 horas formativas acreditadas por profesionais, con indicación dos contidos impartidos e o nivel que corresponda co MCERL.

5. Gastos excepcionais. Custos relacionados co visado, permisos de residencia e, vacinas, sempre que se xustifique a súa necesidade. Custo subvencionable ao 100 %, dentro do máximo establecido en cada convocatoria.

Artigo 7. *Incompatibilidades das axudas*

Estas axudas son incompatibles con calquera outro tipo de axudas ou bolsas de institucións públicas, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, destinadas a actividades similares.

A incompatibilidade aplícase ao ano de referencia de obtención da axuda para a realización do proxecto de mobilidade.

Artigo 8. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os modelos de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos nesta orde de convocatoria.



2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estean en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación de solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante, comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, segundo o establecido no artigo 2.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no artigo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado publicará na súa páxina web <http://xuventude.xunta.es> e na páxina de garantía xuvenil <http://garantiaxuvenil.xunta.es> a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 9. *Datos de carácter persoal*

Segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta orde, cuxo tratamento e



publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídas nun ficheiro denominado «Relacións coa cidadanía e entidades». O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante esta Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Traballo e Benestar, Secretaria Xeral, Edificio Administrativo San Caetano, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: sx.traballo.benestar@xunta.es.

CAPÍTULO II

Solicitudes, documentación e procedemento de concesión

Artigo 10. *Presentación de solicitudes e documentación complementaria*

1. As solicitudes de axudas reguladas nos distintos procedementos desta orde deberán formalizarse por separado para cada un deles, no modelo de solicitude sinalado para cada procedemento no anexo-A, e estarán dirixidas á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

As entidades locais presentarán as súas solicitudes unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia a nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes



será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. A presentación da solicitude implica a aceptación das bases.

4. A documentación complementaria será a indicada no anexo-A para cada procedemento. Esta documentación poderá presentarse electronicamente na sede electrónica da Xunta, utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

Para as solicitudes presentadas por entidades locais ou agrupacións delas, a documentación complementaria presentarse preferentemente por medios electrónicos.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. O prazo xeral para a presentación das solicitudes de axuda non será inferior a un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e respectarase, de ser o caso, o prazo concreto establecido en cada orde de convocatoria.

Artigo 11. *Resolución de dúbidas*

1. Para dúbidas relacionadas con dificultades técnicas ou, no caso de máis información durante o proceso de obtención dos formularios e da súa presentación por vía electrónica,



as persoas interesadas poderán facer as súas consultas ao teléfono de información 012 ou ao enderezo electrónico: 012@xunta.es.

2. Se as dúbidas están relacionadas coa presente convocatoria, poderán facer as súas consultas:

- Para axudas individuais de mobilidade, galeuropain-garantiaxjuvenil@xunta.es.
- Para axudas a proxectos de mobilidade, galeuropapr-garantiaxjuvenil@xunta.es.

Artigo 12. *Emendas e defectos*

Se na solicitude se aprecian defectos ou falta de documentación, a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado requirirá o mozo/a ou a entidade solicitante para que nun prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se non o fai, considerarase que desistiu da súa petición, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, logo da resolución que será ditada nos termos do artigo 42 da referida lei.

Artigo 13. *Comisión de avaliación*

1. A comisión de avaliación será única para todos os procedementos regulados nesta orde e estará integrada polos/as seguintes membros:

Presidenta: a subdirectora xeral de Promoción de Actividades, ou persoa en quen delegue.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Vogais:

- A xefa do Servizo de Promoción de Actividades e Mobilidade Xuvenil.
- A xefa de Sección de Programas Europeos.
- Tres técnicos/as da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.



2. Esta comisión poderá adoptar validamente os seus acordos sempre que asistan a ela a presidenta, ou persoa na que delegue, 2 vogais e o secretario ou secretaria. Se por calquera causa, no momento en que a comisión de valoración teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puidese asistir, será substituído polo funcionario ou a funcionaria que para o efecto designe a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Artigo 14. *Instrución*

1. A instrución de todos os procedementos regulados nesta orde, correspóndelle á Subdirección Xeral de Promoción de Actividades da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, e levarase a cabo conforme o estipulado no artigo 21 da Lei de subvencións de Galicia.

2. No caso de solicitudes individuais presentadas polos mozos e mozas e coa finalidade de comprobar a adecuación do/a solicitante á subvención, simultaneamente á emenda de deficiencias materiais da documentación, todas as persoas solicitantes serán convocadas por vía telemática, a realizar presencialmente un test escrito de motivación, especificando o día, a hora e o lugar. Unha vez realizados os test por todas as persoas solicitantes porase á súa disposición o modelo de respostas correctas.

O test de motivación será realizado e avaliado, por técnicos/as designados/as pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, que deixarán constancia no expediente do resultado e da valoración efectuada. Non obstante, a avaliación do dito test aos/ás solicitantes que foran requiridos/as para emendar a documentación presentada quedará condicionada á efectiva emenda en tempo e forma.

Unha vez rematado o dito test de motivación, a comisión de avaliación, tendo en conta os criterios obxectivos de adxudicación, elaborará un informe no que se detallarán as puntuacións obtidas polas persoas participantes en orde decrecente.

3. No caso de proxectos de mobilidade presentados por entidades, unha vez avaliados todos os proxectos presentados, a comisión de avaliación emitirá un informe no cal se concretará o resultado da avaliación e a prelación dos proxectos por orde decrecente de puntuación. No mesmo informe, determinaranse os proxectos que deban ser denegados por non acadar a puntuación mínima requirida no anexo-A desta orde.

4. A comisión de avaliación realizará un informe por procedemento e neles constará, ademais do indicado nos apartados precedentes, a relación das solicitudes que non foron



admitidas a trámite ou excluídas, motivando a causa de dita inadmisión ou exclusión. Os ditos informes serán elevados ao órgano instrutor.

Artigo 15. Criterios obxectivos de adxudicación das subvencións

1. O procedemento de concesión das axudas será en réxime de concorrencia competitiva e conforme aos principios de publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación.

2. Os criterios de valoración das solicitudes serán os recollidos para cada procedemento no anexo-A. Como resultado da aplicación dos criterios de valoración obterase unha relación ordenada de todas as solicitudes que cumpren coas condicións establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de beneficiario ou beneficiaria, con indicación da puntuación outorgada a cada unha delas.

Artigo 16. Proposta de resolución

1. O órgano instrutor, á vista dos expedientes e dos informes da comisión de avaliación, elevará ao órgano competente para resolver a proposta de resolución das axudas de cada procedemento.

Farase unha proposta de resolución por procedemento e cada unha delas concretará:

a) As persoas ou entidades solicitantes para as cales se propón a concesión da axuda. Esta concesión efectuarase, consonte a orde de prelación establecida no informe da comisión de avaliación, ata esgotar o crédito orzamentario correspondente en cada caso.

b) O importe da axuda concedida a cada beneficiario/a.

c) As persoas ou entidades solicitantes para as cales se propón a denegación da axuda e os motivos da denegación.

2. En cada convocatoria, as persoas ou entidades solicitantes que non sexan propostas como adxudicatarias inicialmente por esgotarse o crédito orzamentario correspondente pasarán a conformar unha lista de reserva, que formará igualmente parte da proposta de resolución no procedemento que corresponda, coa finalidade prevista no punto 4.

3. As relacións provisionais de persoas/entidades excluídas, a de admitidas (beneficiarias e mais a lista de espera), coa puntuación obtida e a axuda concedida serán publicadas na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado <http://xuventude.xunta.es> e



tamén en <http://garantiajuvenil.xunta.es>. As persoas e entidades interesadas terán o prazo dos 3 días hábiles posteriores á data da exposición pública da relación provisional para efectuar as reclamacións que consideren oportunas. As ditas reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da listaxe definitiva.

4. En cada convocatoria, no caso de producirse renuncias a estas axudas por parte das persoas ou entidades beneficiarias, o órgano instrutor poderá realizar, se o considera oportuno, novas propostas de resolución de concesión destas aos beneficiarios e beneficiarias incluídos na lista de reserva correspondente, con atención rigorosa á orde establecida nela, e sempre que exista crédito axeitado e suficiente.

Así mesmo, no suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, o órgano instrutor propondrá novas concesións de axudas á solicitude ou solicitudes seguintes na orde de puntuación, sen necesidade dunha nova convocatoria.

5. Desde o 15 de setembro do ano da convocatoria de axudas, malia a existencia das listas de espera, non se realizarán novas propostas de resolución, co fin de que se poidan rematar as mobilidades obxecto desta orde no prazo máximo previsto.

Artigo 17. *Resolución*

1. O órgano instrutor elevará a proposta de resolución definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, quen por delegación da conselleira de Traballo e Benestar e logo da fiscalización da Intervención, ten a competencia para a adxudicación das axudas mediante a correspondente resolución, que se notificará ás persoas solicitantes no prazo de cinco meses desde a publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente.

A resolución de concesión fixará expresamente o importe da axuda e a referencia ao cofinanciamento pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 91,89 %, dentro do Programa operativo de emprego xuvenil, no eixe prioritario 5, prioridade de investimento 8.2, obxectivo específico 8.2.2, medida 8.2.2.8: Programa de axudas para proxectos de mobilidade transnacional dirixido a mozos e mozas menores de 25 anos, ou menores de 30 se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, para a realización de prácticas formativas en empresas de países europeos.



2. Ao abeiro do disposto no artigo 59.6.b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, a notificación da resolución realizarase exclusivamente a través de súa publicación na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado <http://xuventude.xunta.es>, e na páxina <http://garantiajuvenil.xunta.es>.

No mesmo momento da publicación da resolución poñerase á disposición das persoas beneficiarias, a través das páxinas web indicadas un cuestionario en formato electrónico cos datos relativos aos indicadores de execución que require o Programa operativo de emprego xuvenil de entre os relacionados no anexo IX (todos os recollidos nos anexos I e II do Regulamento (UE) 1304/2013).

A resolución comprenderá o acto de outorgamento da axuda que será efectiva desde o día seguinte a súa publicación. Malia isto, a axuda non será efectiva ata que o/a beneficiario/a a acepte expresamente e concrete a entidade/empresa ou o/a socio/a de acollida das prácticas, mediante a entrega dos anexos III e IV (IV-A, IV-B ou IV-C segundo corresponda a cada procedemento) e mais o cuestionario indicado no último parágrafo do punto precedente (integramente cuberto), nos prazos e lugares sinalados no artigo seguinte.

Os prazos para presentar a documentación comezarán a contar desde o día seguinte á publicación da resolución de beneficiarios/as na páxina web da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Para os/as beneficiarios/as das axudas que non presenten en prazo e forma os anexos III e IV, e o cuestionario de indicadores de execución, a persoa titular da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado declarará a perda do dereito á axuda, sen que esta declaración dea lugar a ningún tipo de dereito indemnizatorio para a persoa ou entidade interesada. A resolución mediante a que se declara a perda do dereito publicarase na páxina web <http://xuventude.xunta.es> e tamén en <http://garantiajuvenil.xunta.es>.

3. A Consellería de Traballo e Benestar reservase para si o dereito de controlar e comprobar a execución desta axuda cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

4. Sen prexuízo do previsto no artigo 24 desta orde, toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda ou subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos



ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

5. A resolución recaída neste procedemento pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou ou ser impugnadas directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses se o acto é expreso e de seis meses se é presunto, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución ou do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Artigo 18. *Efectividade da resolución*

Para a efectividade da resolución os/as beneficiarios/as destas axudas deberán presentar perante a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado:

1. No prazo de 10 días hábiles, todos os/as beneficiarios das axudas, o anexo III cuberto aceptando ou renunciando á axuda. Este anexo poderase entregar en calquera dos rexistros das administracións públicas, seguindo o mesmo procedemento indicado para a presentación de solicitudes no artigo 8 desta orde de convocatoria.

Se o/a beneficiario acepta a axuda marcará o cadro correspondente e indicará o número de conta bancaria da que sexa titular (código IBAN).

No caso de solicitar o anticipo previsto no artigo 21.2 terá que indicalo no mesmo anexo III marcando o cadro previsto para o efecto.

Neste mesmo prazo deberán remitir o cuestionario de indicadores de execución indicado no artigo 17.2 integramente cuberto mediante correo electrónico a: galeuropain-garantiaxjuvenil@xunta.es ou galeuropapr-garantiaxjuvenil@xunta.es, segundo sexan persoas ou entidades as beneficiarias das axudas respectivamente.

2. Ademais, no prazo común de 20 días hábiles, e sempre que non o presentasen xa con anterioridade, remitirán por correo electrónico:

– As persoas beneficiarias que presentaron solicitude individual de mobilidade (dirixido a galeuropain-garantiaxjuvenil@xunta.es), o anexo IV-A ou compromiso da empresa/entida-



de de destino a acoller á persoa beneficiaria para realizar as prácticas formativas. O anexo deberá estar asinado pola persoa responsable da empresa/entidade.

– As entidades que presentaron proxectos de mobilidade (dirixido a galeuropaprgarantiaxjuvenil@xunta.es), o acordo entre a entidade concesionaria da subvención e o socio ou socios de acollida das prácticas, debidamente cuberto e selado por ambas as partes, no que conste o compromiso para a realización das prácticas e o número máximo de persoas que se poden beneficiar, segundo o modelo establecido no anexo IV-B (entidades sen ánimo de lucro) e anexo IV-C (entidades locais).

3. No caso de mobilidades individuais, os mozos e mozas beneficiarios/as serán convocados mediante correo electrónico a unhas sesións formativas sobre o programa de mobilidade, previas ao inicio da realización das prácticas e de asistencia obrigatoria.

Artigo 19. *Publicidade das subvencións*

1. De acordo co establecido no artigo 14 letra.ñ) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os/as beneficiarios/as quedan informados/as da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

2. Así mesmo, e tal como se recolle no artigo 15.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os órganos administrativos concedentes procederán a publicar no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións concedidas, indicando a convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, os/as beneficiarios/as, a cantidade concedida e a finalidade da subvención.

3. Os/as beneficiarios/as das axudas concedidas incluíranse no Rexistro de axudas, subvencións e convenios e mais no de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

4. O nome das entidades beneficiarias será publicado na lista de operacións do Programa operativo de emprego xuvenil prevista no artigo 115 do Regulamento (UE) 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao FSE e outros fondos.



CAPÍTULO III

Xustificación e pagamento das axudas

Artigo 20. *Xustificación da axuda*

1. Finalizada a etapa para a realización das prácticas formativas, as persoas e as entidades beneficiarias procederán á xustificación da axuda concedida, mediante a presentación na Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da documentación que se indica para cada procedemento no anexo-A.

2. Os órganos competentes da Consellería de Traballo e Benestar poderán solicitar as aclaracións ou informes dos medios de xustificación que consideren oportunos.

3. En cada convocatoria fixarase o prazo máximo para a presentación da xustificación das axudas concedidas. Transcorrido o prazo máximo, que estableza cada orde de convocatoria, sen ter presentado perante a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a dita xustificación, esta requirirá as persoas ou entidades beneficiarias para que no prazo improrrogable de 10 días, a presenten. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste parágrafo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, polo que o órgano competente para resolver ditará resolución para o efecto que será notificada a os/as interesados/as.

A presentación da xustificación no prazo adicional establecido no parágrafo anterior non eximirá a beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan.

4. A xustificación do gasto deberá atermos ao previsto no artigo 28.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a xustificación do pagamento co establecido no artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que regula as obrigas de facturación.

5. Sen prexuízo do establecido no punto precedente, a xustificación dos custos unitarios establecidos nesta orde, con base na súa consideración de custos simplificados, realizarase en función da xustificación das mobilidades efectivamente realizadas aos países de acollida das prácticas e da comprobación da realización das prácticas formativas non laborais nos ditos países, conforme a regulación de custos simplificados estipulada nos regulamentos (UE) 1303/2013 e 1304/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.



Artigo 21. *Pagamento da axuda*

1. Unha vez recibida e comprobada a documentación xustificativa poderase proceder ao pagamento da axuda concedida. No caso de que o gasto certificado sexa inferior ao orzamento da axuda, a contía desta axuda será minorada na mesma porcentaxe.

2. De acordo co previsto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia faránse-lles anticipos de pagamento, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, a aquelas persoas ou entidades beneficiarias que o soliciten expresamente, unha vez publicada a concesión da axuda, na forma e no prazo establecido no artigo 16 desta orde de convocatoria, e de acordo coas seguintes condicións:

a) Cando o importe da subvención concedida non supere os 18.000 € o pagamento anticipado será do 80 % sobre o dito importe.

b) Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 € o pagamento anticipado será, ademais, dun 10 % adicional sobre o importe que exceda os 18.000 €.

3. Non poderán realizarse pagamentos da subvención, de acordo co artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en canto o beneficiario non se atope ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor por procedencia de reintegro.

4. No caso de que se produzan reducións na duración das prácticas ou no número de mobilidades, respecto da concesión inicial, procederase á redución proporcional da subvención concedida.

**CAPÍTULO IV
Obrigas, incumprimento e reintegro****Artigo 22. *Obrigas dos/as beneficiarios/as***

1. As persoas/entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde, ademais de cumprir as obrigas establecidas pola normativa aplicable con carácter xeral a axudas e subvencións públicas, deberán:

a) Realizar as mobilidades para as cales se concede a subvención, de conformidade coas disposicións previstas nesta orde e nas resolucións, instrucións ou circulares que a desenvolvan.



b) Acreditar ante a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos exixidos para a concesión da axuda ou subvención, achegando a documentación que lles sexa requirida co fin de comprobar o cumprimento das obrigas que derivan da dita concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación efectuadas pola Consellería de Traballo e Benestar e ás da Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Consello de Contas, as relativas ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión e seguimento do FSE e ás que poidan corresponder, á Comisión e ao Tribunal de Contas das Comunidades Europeas.

d) Comunicarlle á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Cumprir cantas obrigas deriven da normativa de aplicación do cofinanciamento polo FSE e a Iniciativa europea de garantía xuvenil, de conformidade co establecido no artigo seguinte.

2. As obrigas específicas segundo o tipo de beneficiarios/as das axudas establécense no anexo-A desta orde de convocatoria para cada procedemento.

Artigo 23. *Obrigas relativas ao cofinanciamento pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo*

Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos cofinanciados polo FSE ao abeiro do Programa operativo de emprego xuvenil para o período 2014-2020, mediante as subvencións reguladas nesta orde, a entidade beneficiaria deberá someterse, segundo a normativa europea que resulte de aplicación, ao cumprimento das seguintes obrigas:

